

CONVOCATORIA DE BOLSAS COMEDOR DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CURSO 2025/26

A Universidade da Coruña (UDC) convoca 110 bolsas Comedor para o estudantado matriculado no curso 2025/26.

Artigo 1. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de 55.000 € e irán con cargo á partida orzamentaria 030A 422D 480.00.
2. A contía de cada bolsa será de 500 €.
3. O pagamento efectuarase mediante transferencia á conta da que a persoa interesada deberá ser titular, segundo as indicacións que consten na resolución definitiva da convocatoria.

Artigo 2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES E CRITERIOS DE SELECCIÓN.

As persoas solicitantes deberán estar matriculadas no curso 2025/26 nun centro da Universidade da Coruña, en estudos oficiais de grao ou máster, a tempo completo e na modalidade presencial, ao corrente do pagamento dos prezos públicos, e cumprir polo menos un dos seguintes requisitos:

- a) Estar aloxadas durante todo o curso académico 2025/26 nunha residencia universitaria da UDC, no marco da convocatoria de prazas nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña para o estudantado da UDC (Resolución reitoral do 21 de maio de 2025, publicada no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC o 22 de maio de 2025). Deberán estar ao corrente no pagamento dos recibos de aloxamento.
- b) Ter concedida unha axuda do plan propio da UDC para o estudantado en situación de refuxio do programa ABRIGA, no curso 2025/26.

Artigo 3. SOLICITUDES E PRAZO

3.1 Solicitudes.

O procedemento é integramente telemático.

As persoas que cumpran os requisitos do artigo 2 desta convocatoria, poderán encher o formulario en liña dispoñible no enderezo web <https://forms.office.com/e/y5WFsLb6DD>

3.2. Prazo

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto dende o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC, ata as 23:59 h do 15 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

Artigo 4. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

4.1 Incompatibilidades

Esta bolsa é incompatible:

- a) Con calquera outra axuda ou bolsa, destinada para a mesma finalidade, de calquera administración ou entidade pública ou privada no curso 2025/26.

b) Coas bolsas do Programa Santander Axuda Económica para estudantes de Grao e Máster no curso 2025/26.

4.2 Obrigas e incumprimento

A persoa beneficiaria da bolsa debe manter a matrícula durante todo o curso académico 2025/26. En caso contrario, terá que devolver o importe da bolsa. A mesma obrigación de reintegro se aplicará a aqueles que obtiveran praza na convocatoria das residencias públicas universitarias e non manteñan a súa estadía todo o curso, deixen de estar ao corrente dos pagos, ou incorran en causa disciplinaria que supoña expulsión.

Artigo 5. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: M^a José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
- Secretaria: M^a Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas da UDC
- Vogal 1: M^a Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes da UDC
- Vogal 2: Pablo Rodríguez Pérez, representante do estudantado

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico bolsas@udc.gal co asunto “Bolsas comedor”.

Artigo 6. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez que remate o proceso de avaliación das solicitudes, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a listaxe provisional de persoas con bolsa concedida e denegada, neste último caso coa mención da causa da denegación.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO.

Unha vez revisadas as alegacións e a documentación pola Comisión de Selección, publicarase unha resolución que conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas, coas indicacións para a súa aceptación, así como as denegadas.

A percepción da bolsa estará supeditada tanto á súa aceptación expresa coma o rexistro da conta bancaria no procedemento de alta de terceiros da sede electrónica da UDC, segundo se describirá na resolución definitiva.

Artigo 7. RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

7.1. Aplicarase como lexislación supletoria a esta convocatoria, para todo o que non estea previsto nestas bases, a seguinte normativa:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Artigo 8. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

A solicitude dunha bolsa ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou dos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade por delegación do reitor
(RR 10/07/2024)

M^a José Lombardía Cortiña